MEMORIA 2025



Cáritas
Diocesana de Lugo

ELIXE AMAR.
ELIXE COMUNIDADE.

ÍNDICE

2
Presentación da Directora

4
Que é Cáritas Diocesana de Lugo?

8
Cáritas na Diocese

10
Agradecemento

12
Novas Cáritas Interparroquiais

14
As persoas

16
Programas Diocesanos

110
Fondo “Sempre Xuntos”

111
Dámoslle unha Segunda Vida á túa Roupa

113
Comunicación

114
Financiación e Transparencia

117
Institucións Colaboradoras

118
Certificación Applus+ e Plan de Igualdade


Cáritas
Diocesana de Lugo

PRESENTACIÓN DA DIRECTORA

Un ano de compromiso que sigue dando vida á esperanza

A Memoria Anual de Cáritas Diocesana de Lugo correspondente a 2025 é, ante todo, un testemuño vivo do compromiso compartido que nos une. Máis alá dos datos e das accións, reflicte o rostro humano dunha comunidade que non se resigna diante da inxustiza e que continúa apostando pola dignidade, o acompañamento e a proximidade.

O ano 2025 seguiu presentándonos importantes desafíos. Moitas persoas e familias continúan vivindo situacións de vulnerabilidade marcadas pola incerteza económica, a precariedade laboral e as dificultades de acceso a dereitos básicos. Ante esta realidade, en Cáritas reafirmamos a nosa misión: estar ao lado de quen máis o necesita, escoitar con atención, acoller sen xulgar e acompañar procesos de vida con respecto e esperanza.

Todo isto foi posible grazas á implicación xenerosa de tantas persoas que forman parte desta gran familia: voluntariado, traballadores e traballadoras, sacerdotes, comunidades parroquiais, entidades colaboradoras, socios, socias, doantes e amigos. Cada un deles contribuíu, co seu tempo, os seus recursos e o seu compromiso, a soster e fortalecer a nosa acción.

Durante este ano seguimos respondendo ás necesidades máis urxentes, sen deixar de mirar cara ao futuro. Impulsamos iniciativas que buscan xerar oportunidades, reducir desigualdades e promover a inclusión social, conscientes de que a transformación real require tempo, constancia e traballo conxunto.

Esta memoria é tamén unha invitación. Unha invitación a seguir camiñando xuntos, a non perder a capacidade de conmovernos diante do sufrimento alleo e a continuar construíndo, entre todos, unha sociedade máis xusta, solidaria e fraterna. Porque cada xesto conta, cada persoa suma e cada compromiso transforma.

Grazas por seguir formando parte deste camiño. Grazas por facer posible que a esperanza continúe viva.

En nome de Cáritas Diocesana de Lugo, reciban o noso máis sincero agradecemento e afecto.

Amparo González Méndez,
Directora de Cáritas Diocesana de Lugo.





Somos a presenza institucional da nosa Igrexa Diocesana, que quere comprometerse coas realidades de pobreza e exclusión social de Lugo.

O servizo aos nosos irmáns máis vulnerables céntrase na acollida, nun acompañamento persoal desde a situación de cada un e no esforzo pola súa integración social. Pero máis alá deste traballo, tamén se desenvolven outras funcións propias da nosa identidade.

Coordinamos e promovemos a acción das Cáritas Parroquiais, Interparroquiais e Arciprestais ou Zonais e das Asociacións e Institucións de acción caritativa e social federadas, e promovemos a comunicación cristiá de bens entre elas, procurando así que a Igrexa dea un testemuño comunitario de unidade e caridade.

Difundimos o espírito de caridade evanxélica e xustiza social, procurando formar a conciencia dos cristiáns de maneira individual e comunitaria, conforme ás orientacións da doutrina social da Igrexa.

Organizamos e potenciamos iniciativas, tanto privadas como públicas, co fin de atopar unha solución aos problemas das persoas vulnerables e cooperar, na medida en que sexa posible e adecuado, cos organismos provinciais, autonómicos, nacionais e internacionais de asistencia e acción social, así como coas entidades de acción caritativa doutras confesións relixiosas.

Estudamos os problemas que provoca a pobreza na Diocese. Investigamos as súas causas, promovemos, animamos e urximos solucións conformes á dignidade da persoa humana e ás esixencias da xustiza social.

A nosa misión

É acoller ás persoas en situación de pobreza e necesidade, e traballar xunto a elas para que sexan protagonistas do seu propio desenvolvemento integral, desde o compromiso da comunidade cristiá. Esta misión inclúe a acción social, a sensibilización da sociedade e a denuncia das situacións de inxustiza, con feitos e palabras, para construír un mundo máis xusto e solidario.

Así pois, desde Cáritas queremos construír, entre todos, un mundo onde os bens terreais sexan compartidos por toda a humanidade: desde a dignidade da persoa ao servizo dos máis pobres; desde o traballo pola xustiza social, loitando contra a pobreza, a exclusión, a intolerancia, a discriminación e toda forma de vulneración dos dereitos humanos; desde a solidariedade e o compartir fraterno, para que todos sexamos verdadeiramente responsables de todos.

Os nosos valores

Os valores de Cáritas Diocesana de Lugo son os recollidos no Evanxeo: a esperanza, a xustiza, a fraternidade, a solidariedade e o compartir.

Con estes valores desenvolvemos a nosa acción ao servizo das persoas máis necesitadas, coidando a súa dignidade, con creatividade, eficiencia e transparencia.

Consideramos fundamental incorporar, como principio, un modelo baseado na relación de axuda que fomente nas persoas que atendemos a participación, a convivencia e a independencia, pero tamén a solidariedade, o apoio mutuo e a interdependencia, favorecendo ao máximo a súa autonomía e autorrealización.

CÁRITAS NA DIOCESE DE LUGO



Cáritas Parroquiais, Interparroquiais e parroquias onde levamos a cabo a nosa acción.

1 LUGO

SERVIZOS GENERAIS
R/ Luis Peña Novo, 6.

Centro de ServiZos 1
Avd. das Américas 93-97.

Centro de ServiZos 2
Avd. das Américas 103.

CÁRITAS PARROQUIAIS

San Pedro
R/ Nova, 42.

San Antonio
R/Tui, 39.

San Lorenzo de Albeiros
R/ Enebro, 11.

A Milagrosa
Praza da Milagrosa.

Santiago A Nova
R/ San Pedro, xunto a Correos.

San Francisco Javier
R/ Roi Xordo, 6.

San Froilán
Praza do Ferrol, 14.

Sagrado Corazón
Polígono industrial de Sagrado Corazón.

San José As Gándaras
R/ San Xosé, s/n.

Buen Pastor
R/ Obispo Ona de Echave.

San Lázaro del Puente
R/ Luís Peña Novo, 6, (Servizos Xerais).

2 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE MONFORTE DE LEMOS
R/ Costa da Pena, 2.

Roupeiro
R/ Chantada, 175, baixo.

3 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE SARRIA
R/ Formigueiros, 0.

4 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE AGUIAR
R/Gabriela Nieto Chaín, 70, Entreplanta, Rábade.

5 CÁRITAS PARROQUIAL DE MEIRA
Praza do Concello, 7.

6 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE NAVIA DE SUARNA - CERVANTES
Avd. de Galicia, 21, 2ª, Navia de Suarna.

7 CÁRITAS PARROQUIAL DE SAN CLODIO E QUIROGA
Parroquia de San Martín de Abaixo, Apt correo,30, 27320, Quiroga.

8 CÁRITAS PARROQUIAL DE CHANTADA
R/ Juan XXIII, 27.

9 CÁRITAS PARROQUIAL DE MONTERROSO
R/ Ramón Díaz, 7.

10 CÁRITAS PARROQUIAL DE ANTAS DE ULLA
R/ Camino do Cura, s/n.

11 CÁRITAS PARROQUIAL DE MELIDE
R/ Mateo Segade Bugueiro, 2.

12 CÁRITAS PARROQUIAL DE LALÍN
R/ Z , s/n.

13 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE SILLEDA
R/ G, 3, bajo.

14 CÁRITAS PARROQUIAL DE PUEBLA DE SAN JULIÁN
R/ Benigno de Quiroga, 84.

15 CÁRITAS PARROQUIAL DE O CORPIÑO
Santuario do Corpiño, Santa Eulalia de Losón, Lalín.

16 CÁRITAS PARROQUIAL DE A FONSAGRADA
R/ Maior, 4.

17 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE BECERREÁ - ANCARES
R/ Carlos III, 16-18, Entreplanta, Becerreá.

17 PARROQUIA DE SANTIAGO DE ARNEGO
Santa Baia, Rodeiro, Pontevedra.

18 PARROQUIA DE PALAS DE REI
Igrexa de San Tirso de Palas de Rei.

19 PARROQUIA DE CASTROVERDE
Igrexa Parroquial de Castroverde.

20 PARROQUIA DE O COUREL
Igrexa Parroquial de O Courel.

21 PARROQUIA DE PIEDRAFITA DO CEBREIRO
Igrexa Parroquial de Pedrafita do Cebreiro.

22 PARROQUIA DE FRIOL
Igrexa Parroquial de Friol.

AGRADECEMENTO

A actuación de Cáritas Diocesana de Lugo non sería posible sen o compromiso de moitos homes e mulleres que se esforzan por mellorar as condicións de vida de quen peor o está pasando ao noso arredor, e que, desde aí, se comprometen na construción dunha sociedade máis xusta, digna e igualitaria para todos.

Son os nosos voluntarios e traballadores, os nosos socios e doantes, quen, día a día, desde a súa xenerosidade, compromiso e traballo, fixeron posible toda a realidade que recolle esta memoria. Tamén queremos agradecer ás institucións públicas e entidades privadas que apoiaron a xestión e o traballo de Cáritas Diocesana de Lugo.

Grazas a todos.



NOVAS SEDES EN BECERREÁ E RÁBADE

Cáritas Diocesana de Lugo inaugurou as sedes de Cáritas Interparroquial de Becerreá-Ancares e Cáritas Interparroquial de Aguiar en Rábade.

A finais de 2025, **Cáritas Diocesana de Lugo inaugurou as sedes das Cáritas Interparroquiais de Becerreá-Ancares e de Aguiar**, un novo recurso destinado a reforzar a atención, o acompañamento e a proximidade coas persoas e familias en situación de vulnerabilidade das comarcas dos Ancares e de Rábade e Outeiro de Rei, respectivamente.

Cáritas Interparroquial de Becerreá-Ancares está situada na rúa Carlos III de Becerreá e a sede de Cáritas Interparroquial de Aguiar está situada na rúa Gabriela Nieto Chaín de Rábade. Estas Cáritas nacen coa vocación de seren un lugar de acollida, proximidade e apoio, desde o que seguir fortalecendo a acción social no territorio.



11/12/2025

Inauguración de Cáritas Interparroquial de Becerreá-Ancares en Becerreá.



17/12/2025

Inauguración de Cáritas Interparroquial de Aguiar en Rábade.

AS PERSOAS



34
Persoas contratadas

Traballadores/as que se distribuíron entre as diferentes Cáritas Parroquiais e Interparroquiais, Servizos Xerais e Programas Diocesanos.



382
Persoas voluntarias

Voluntarios e voluntarias que se distribuíron entre as diferentes Cáritas Parroquiais e Interparroquiais e campañas en todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega que abrangue a Diocese de Lugo.



7.834
Persoas acompañadas

Persoas que foron directamente acompañadas por Cáritas Diocesana de Lugo durante o ano 2025.



32.354
Persoas beneficiarias

Persoas ás que chegou o labor de Cáritas Diocesana de Lugo.

PROGRAMAS DIOCESANOS

En Cáritas Diocesana de Lugo contamos con 23 programas de intervención social que buscan a promoción, integración e inclusión das persoas e grupos en situación de exclusión social.

Acollida e Asistencia a Persoas a Marxinadas e Excluídas	18
Casa da Misericordia	25
Familias en Desvantaxe	29
Acubillo Lalín	33
Acubillo Lugo	36
Acollida a Familias no Rural	39
Emprego	42
Adquisición de Competencias Clave e Dixitais	47
Atención a Persoas con Discapacidade	52

Atención á Infancia	56
Atención á Xuventude	59
Intervención Educativa	63
Escola de Pais e Nais	67
Atención a Persoas Migrantes “Contade con Nós”	70
Migrantes “Participa con Nós”	73
Introdución á Lingua e á Cultura Galegas	77
Arraigo para a Formación	80
Maiores “Vivir na Casa”	84
Acollida a Mulleres Vítimas de Trata, Violencia ou Explotación Sexual	90
Promoción da Saúde Integral das Mulleres	94
Acollida a Persoas Sen Fogar	98
Formación e Sensibilización do Voluntariado	103

Acollida e Asistencia a Persoas Marxinadas e Excluídas

O PROGRAMA É NECESARIO PARA DAR RESPOSTA AO AUMENTO DA POBREZA E DA EXCLUSIÓN SOCIAL, QUE DIFICULTA A MOITAS PERSOAS CUBRIR NECESIDADES BÁSICAS COMO A ALIMENTACIÓN, A VIVENDA OU OS SUBMINISTRACIÓNS.

Esta situación agravouse polo contexto económico actual, o encarecemento da vida e a precariedade laboral.

As persoas que acoden ao programa fano, na súa maioría, en situación de exclusión severa, con carencias económicas, desemprego ou ingresos insuficientes e problemas de vivenda.

A estas dificultades súmanse outros factores como cargas familiares, monomarentalidade /parentalidade, procesos migratorios, problemas de saúde ou falta de apoio social.

Trátase de situacións complexas que requiren unha intervención integral e acompañamento social para favorecer a súa inclusión e mellorar a súa calidade de vida.

O programa contribuíu a mellorar a calidade de vida das persoas acompañadas, cubrindo as súas necesidades básicas e favorecendo a súa inclusión social. A través do acompañamento, lograron unha maior estabilidade persoal e familiar.

O seu obxectivo, acoller e apoiar ás persoas en situación de vulnerabilidade, acadouse mediante unha intervención integral e adaptada a cada persoa ou familia.

Como resultado, melloraron as súas capacidades e as súas oportunidades de inserción social e laboral, reforzando tamén a súa autonomía e as súas redes de apoio.

Ademais, fomentouse a súa participación activa no proceso. En definitiva, o programa xerou melloras reais no seu benestar e na súa situación vital.



12
Técnicos



164
Persoas voluntarias



1.722
Familias acompañadas



4.053
Persoas acompañadas



Organización Económica en Monforte.



Mellora da Calidade da Vivenda en Sarria.

O programa desenvolveu diversas actividades orientadas á atención e acompañamento das persoas en situación de vulnerabilidade.

Entre elas destacan a realización de entrevistas de acollida, información, orientación e acompañamento social personalizado. Así mesmo, xestionáronse axudas para cubrir necesidades básicas como alimentación, vivenda, subministracións ou atención sanitaria.

Tamén se levaron a cabo visitas domiciliarias, reunións de seguimento e coordinación, así como derivacións a outros programas e recursos sociais. Ademais, desenvolvéronse obradoiros formativos, especialmente en organización económica e mellora da calidade da vivenda.

Paralelamente, traballouse en coordinación con administracións públicas e entidades sociais, garantindo unha atención integral e adaptada a cada situación.

“Somos Marcos, María Corina e Miranda: e a nosa historia non comeza co desexo de ver novos horizontes, senón coa urxencia de preservar a vida. Somos unha familia de tres: a miña parella, a nosa filla e máis eu, tres almas que en 2017 se viron obrigadas a desprenderse da súa identidade, das súas raíces e do seu fogar en Venezuela. Saímos fuxindo dun colapso sistémico onde a violencia se volveu cotiá, a extorsión unha norma e a corrupción política afogou calquera posibilidade de futuro. Non só escapamos da escaseza de alimentos e medicinas, senón dun tecido social fracturado onde o medo era o único recurso abundante.

Buscamos refuxio no Perú, coa esperanza de que a irmandade latinoamericana nos permitise sanar. Porén, en 2025 atopámonos cunha realidade igualmente dolorosa. Alí afrontamos o rostro amargo da xenofobia, a estigmatización e unha inseguridade cidadá que nos mantivo en constante alerta, e que nos empurraron, unha vez máis, a deixalo todo atrás para comezar desde cero absoluto.

O momento máis escuro: o “Cero” absoluto.

Chegar a este novo destino tras dous procesos migratorios traumáticos situounos no punto máis baixo das nosas vidas. A vulnerabilidade non é só a falta de diñeiro; é a incerteza devoradora e o estrés postraumático de quen sente que non ten un lugar seguro no mundo.

A nosa situación rozou a desesperación cando, no cuarto onde tentabamos resgardarnos, fomos vítimas dun roubo que nos desposuíu do pouco que lograramos salvar. A isto sumouse a presión e o acoso constante e desmedido do arrendador que, consciente da nosa falta de recursos, nos sometía a unha angustia diaria. A falta de alimentos e o frío que se filtraba nos ósos non eran nada comparados con ver á nosa filla e preguntarnos se teriamos onde durmir ao día seguinte.

O encontro con Cáritas: un refuxio humano da man de Chone e Cinthia.

Nese estado de máxima fraxilidade, apareceu Cáritas da man de Chone e Cinthia. A súa función non foi só asistencial; foi profundamente acolledora. Nun mundo que nos pechaba as portas, Cáritas abriunos os brazos.

Dignidade a través do abrigo: o acceso inicial ao roupeiro foi o noso primeiro respiro. Non eran só pezas de vestir; era a calor necesaria para paliar un inverno inclemente que nos lembraba a nosa fraxilidade física.

- Seguridade alimentaria: os vales para o supermercado supuxeron a diferenza entre a fame e a mesa posta. Esa axuda permitiunos recuperar a forza necesaria para seguir buscando solucións.
- Teito e estabilidade: o apoio para sufragar a metade do alugueiro foi, literalmente, o muro de contención contra o desafiuzamento. Grazas a esa achega, puidemos manter a integridade da nosa familia baixo un mesmo teito, aliviando temporalmente a presión e outorgándonos o espazo mental necesario para buscar algún emprego sen o pánico de quedar na rúa.

Unha man que sostén o futuro.

Hoxe, aínda que seguimos no proceso de regularizarnos, atopar estabilidade e saír adiante, sentimos que xa non camiñamos sós. O labor de Cáritas pon en valor o

sentido máis puro da fraternidade humana. Foron a ponte entre a traxedia e a esperanza.

Porén, a nosa loita continúa. O mercado laboral é complexo para quen acaba de chegar e se atopa en situación irregular, e a nosa maior meta é acadar esa autonomía financeira que nos permita cubrir as nosas necesidades e achegar á sociedade e ao país. Por iso, mantemos a esperanza de que Cáritas poida seguir acompañándonos co apoio para os próximos alugueiros, brindándonos ese tempo vital de transición ata que o permiso de traballo, residencia e o emprego que tanto buscamos sexan unha realidade.

Facemos un chamamento á sociedade e aos doantes: o traballo de Cáritas é o último reduto de humanidade para familias como a nosa. Apoiar esta organización é dar unha oportunidade de vida a nenos e adultos en situación de vulnerabilidade que só queren traballar, achegar e vivir en paz. A súa capacidade de axuda é a medida da nosa esperanza.


Grazas por non apartar a mirada e por axudarnos a crer que comezar de cero é posible. Moitas grazas, Chone, Cinthia, Betty, Gabriela e a todo o voso equipo.

Atentamente,
Familia La Concha Linero Capriles Monque en proceso de reconstrucción."




Familia La Concha Lineros Capriles, atendida en el programa de "Acollida e Asistencia a Persoas Marxinadas e Excluídas".


O perfil das persoas acompañadas




Son mulleres




Son menores




Familias con menores a cargo



Persoas soas




Familias sen ingresos




Perciben algunha prestación

Axudas entregadas



Persoas atendidas nos roupeiros



“Quero compartir a miña experiencia como alumna de Integración Social en prácticas en Cáritas Diocesana de Lugo.

Desde o momento en que entrei, sentín que era unha máis do equipo profesional; a acollida por parte das compañeiras sentiuse tan cálida como volver á casa despois de moito tempo fóra. Todos e todas as traballadoras foron guías durante este tempo e, día a día, fan que me sinta acompañada e arroupada, algo que, para min, é unha parte fundamental deste proceso.

Por parte das compañeiras coas que traballei de forma máis próxima, só podo sentir admiración. Ter a estas profesionais como referentes é algo polo que estou completamente agradecida e podo dicir con certeza que formarán parte dos meus recordos para toda a vida. Ensináronme, entre outras moitas cousas, non só a traballar desde un punto de vista profesional, senón poñendo sempre por diante unha perspectiva humana e empática, na que todos somos iguais.

Durante este tempo aprendín valores que van máis alá do profesional; aprendín a tratar ás persoas desde o respecto e a proximidade desde o momento en que entran pola porta, facéndoas sentir verdadeiramente escoitadas, comprendidas e valoradas.

Despois desta experiencia, comprendo o verdadeiro significado da honestidade e, para selo, debo dicir que, antes de comezar esta etapa, tiña unha idea completamente equivocada do que é Cáritas. Hoxe, cun maior coñecemento, podo dicir que o espazo no que se traballa é totalmente aberto e inclusivo, onde cada persoa conta sen importar quen sexa nin de onde veña.

A nivel persoal, levo unha grande aprendizaxe e unha experiencia que me enche o corazón. Puido coñecer realidades que me ensinaron a mirar o mundo con máis sensibilidade e conciencia.

Cando esta etapa remate, aínda que sentirei unha grande pena, teño por seguro que esta experiencia marcará un antes e un despois en min. Teño unha idea moi clara de como quero ser no meu futuro profesional e cara a onde quero chegar.

Só podo agradecer a todos, en especial á miña titora, o tempo, a dedicación, a paciencia e, sobre todo, a oportunidade de formar parte deste gran equipo.”



Inés, alumna en prácticas no programa “Acollida e Asistencia a Persoas Marxinadas e Excluídas”.

Casa da Misericordia

As persoas que saen do cárcere enfróntanse a un momento especialmente crítico, marcado pola falta de recursos, redes de apoio e dificultades para adaptarse á vida en liberdade.

Durante a súa estancia no medio penitenciario perden autonomía e habilidades básicas para a vida cotiá. A isto súmase a dificultade de acceso inmediato a prestacións económicas e recursos sociais.

EN LUGO, ADEMAIS, NON EXISTÍAN RECURSOS ESPECÍFICOS DE ACOLLIDA PARA ESTE COLECTIVO, O QUE INCREMENTABA O SEU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL E REINCIDENCIA.

O programa facilitou unha transición máis segura á vida en liberdade, proporcionando aloxamento temporal e acompañamento integral.

O 100 % das persoas participantes dispuxeron dun lugar de residencia e dun Plan de Intervención Individualizado.

Favoreceuse o desenvolvemento da autonomía persoal, a mellora das habilidades sociais e a vinculación con recursos comunitarios.

Ademais, o 60 % participou en actividades comunitarias, reforzando a súa inclusión social.

En conxunto, o programa contribuíu a reducir o illamento e a impulsar procesos reais de reinserción.

ACTIVIDADES

- Acollida e atención individual.
- Acompañamento e seguimento personalizado.
- Aloxamento e cobertura de necesidades básicas.
- Obradoiros (violencia de xénero, resolución de conflitos).
- Encontros familiares.
- Saídas culturais e actividades comunitarias.
- Coordinación con recursos externos.
- Sensibilización e traballo co voluntariado.



2

Técnicas



Persoas voluntarias

2




9

Persoas acompañadas


O perfil das persoas acompañadas



Son homes



Nacionalidade Española



Máis de 56 anos

“Ser voluntaria na Casa da Misericordia de Cáritas en Lugo durante estes seis meses foi unha experiencia profundamente transformadora que cambiou a miña forma de mirar a realidade e de entender ás persoas. O contacto cos usuarios, que son persoas privadas de liberdade en situación de permiso penitenciario, permitiume descubrir que detrás de cada historia hai unha persoa con dignidade, con feridas, pero tamén con capacidade de cambio e de reconstrución.

Ao longo deste tempo, aprendín o valor da escoita, da paciencia e do acompañamento. Moitas veces, a axuda non consiste en dar respostas, senón en estar presente, en acoller sen xulgar e en ofrecer un espazo de confianza. Esta experiencia levoume a vivir a fe dunha maneira máis concreta, encarnada en xestos sinxelos, pero profundamente significativos.

Ao mesmo tempo, comprendín que eles me achegan moito máis do que eu podo ofrecer. O encontro con estas persoas supuxo para min un verdadeiro enriquecemento persoal, axudándome a cuestionar prexuízos, a mirar con máis empatía e a comprender a importancia da misericordia e da segunda oportunidade. A súa forma de afrontar a vida, en moitas ocasións marcada pola dificultade, ensinoume a valorar máis o esencial e a relativizar moitas preocupacións cotiás.

Ademais, esta experiencia permitiume entender mellor a dimensión social da fe. A través do voluntariado, puiden descubrir que a caridade non é só unha idea, senón unha actitude que se concreta no encontro co outro, especialmente con quen se atopa en situacións de maior vulnerabilidade.

Sen dúbida, estes meses como voluntaria na Casa da Misericordia non só foron unha forma de servizo, senón tamén un camiño de crecemento persoal e espiritual. Axudáronme a desenvolver unha mirada máis humana, máis aberta e menos prexuizosa, e impúlsanme a seguir vivindo unha fe máis comprometida coa realidade e coas persoas.”



Irene, voluntaria
na Casa da Misericordia

“Desde que cheguei recibín un trato exquisito e un ambiente tranquilo, coma se estivese na miña propia casa.

O apoio das técnicas é constante e próximo, e están a axudarme pouco a pouco a reconducir a miña vida. A casa é limpa, acolledora e durmo ben, sinal da tranquilidade que sinto.

Tras saír do cárcere, este lugar foi un gran apoio. Despois de tanta escuridade, empezo a ver a luz e confío en que todo vai saír ben grazas á Casa da Misericordia.”

Participante
da Casa da Misericordia



Familias en Desvantaxe

AS FAMILIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE AFRONTAN GRAVES DIFICULTADES PARA CUBRIR AS SÚAS NECESIDADES BÁSICAS DEBIDO AO AUMENTO DO CUSTO DA VIDA, Á PRECARIEDADE LABORAL E Á FALTA DE INGRESOS ESTABLES.

Moitas delas presentan situacións de endebedamento, problemas de vivenda e dificultades para atender adecuadamente aos seus fillos e fillas. Ademais, estas circunstancias xeran estrés, conflitos familiares e deterioración emocional, afectando especialmente á infancia.

A falta de redes de apoio e recursos adecuados fai necesario un programa de intervención integral que acompañe ás familias e prevexa situacións de exclusión social.

O PROGRAMA MELLOROU A CALIDADE DE VIDA DAS FAMILIAS PARTICIPANTES MEDIANTE UNHA ATENCIÓN INTEGRAL QUE ABORDA TANTO AS SÚAS NECESIDADES MATERIAIS COMO EMOCIONAIS.

Cubríronse necesidades básicas, facilitouse o acceso a recursos e promoveuse a autonomía persoal e familiar. Así mesmo, o acompañamento individualizado e os obradoiros contribuíron a mellorar a convivencia, fortalecer as relacións familiares e desenvolver habilidades persoais.

En conxunto, o programa favoreceu procesos de inclusión social e axudou ás familias a avanzar cara a unha maior estabilidade e benestar.

ACTIVIDADES

- Acollida, atención, orientación e entrevistas individualizadas coas familias.
- Apoio para cubrir necesidades básicas (alimentación, vivenda, subministros, material escolar).
- Elaboración e seguimento de plans de intervención familiar.
- Visitas domiciliarias para coñecer a realidade das familias.
- Obradoiros de educación emocional e habilidades familiares.
- Apoio psicolóxico individual.
- Derivación a outros recursos internos e externos (emprego, intervención educativa, servizos sociais, saúde).
- Coordinación con institucións e traballo en rede.

2
Técnicas

4
Persoas voluntarias

24
Familias acompañadas

99
Persoas acompañadas

O perfil das persoas acompañadas

53 %
Son mulleres

67 %
Parellas con fillos

30 %
Menores de edad

100 %
Viven de alugueiro

36 %
Traballa por conta propia ou allea

32 %
Percibe algunha prestación

65 %
Orixen América Latina

22 %
Bacharelato/ESO homologado

“Dou as grazas ao Programa de Familias de Cáritas porque grazas á súa axuda a miña situación mellorou.


Son unha nai solteira con tres fillos que non contaba con moita situación económica.

Grazas á axuda e ao apoio que me brindaron, a miña situación mellorou. Son excelentes persoas.

Neste Programa de Familias acompáñante en todos os sentidos, tanto no económico como no estado de ánimo.

Só teño que dar as grazas a Cáritas, ao Programa de Familias e ás persoas que me acompañan e me brindan o seu apoio.”

Yerli, participante do programa “Familias en Desvantaxe”.



Obradoiro "Promoción de Hábitos de Vida Saudable".



Obradoiro "Coñecendo as túas Emocións: O Arte de Sentir".

Acubillo Lalín

O PROGRAMA XORDE ANTE A NECESIDADE DE FOMENTAR A INCLUSIÓN SOCIAL DE NENOS, NENAS E DAS SÚAS FAMILIAS QUE SE ATOPAN EN CONTEXTOS DE POBREZA OU EXCLUSIÓN, A TRAVÉS DA CREACIÓN DE ITINERARIOS SOCIOEDUCATIVOS.

As persoas beneficiarias viven situacións de vulnerabilidade relacionadas con ingresos limitados, dificultades no ámbito educativo e barreiras no acceso a recursos sociais.

Esta realidade pon de manifesto a existencia de desigualdades estruturais que inciden negativamente no benestar e no desenvolvemento infantil.

Neste marco, o programa propón unha intervención global destinada a mellorar a súa calidade de vida e promover a súa integración na sociedade.

O PROGRAMA TIVO UN IMPACTO RELEVANTE NA MELLORA DAS CONDICIÓNS DE VIDA DOS MENORES E DAS SÚAS FAMILIAS, PROMOVENDO O SEU DESENVOLVEMENTO NOS ÁMBITOS EDUCATIVO, EMOCIONAL E SOCIAL.

Mediante os itinerarios de intervención implementados, rexistráronse progresos no desempeño académico, no equilibrio psicolóxico e na adopción de hábitos de vida saudables.

Igualmente, reforzouse a capacidade das familias para acompañar o proceso de crecemento dos seus fillos e fillas, incrementando as súas habilidades parentais e a súa conexión cos recursos comunitarios.

En termos xerais, a iniciativa favoreceu procesos de inclusión social e propiciou melloras na situación socioeconómica das persoas participantes.

"O Proxecto Acubillo axudoume moito a mellorar as miñas cualificacións e, cando necesitaba axuda cos deberes, explicábanmos con toda a paciencia do mundo e, se non o entendía de inmediato, volvían explicarmo.

Nos campamentos todos nos divertimos moito porque facemos deporte, falamos, xogamos etc. Os profes trátannos moi ben, son bos e divertidos. Pero igualmente, en xeral, todos son divertidos e trátannos moi ben."



Kilyerlis, participante do programa "Acubillo Lalín".

ACTIVIDADES

- Acompañamento e axuda económica por menor.
- Actividades educativas: aula aberta, grupos de estudio asistido, reforzo individual e apoio psicomotriz.
- Actividades ocio e tiempo libre: centro aberto,colonias urbanas e campamentos.
- Actividades educativo-familiares: espazos familiares 0-3 anos e obradoiros educativos familiares.
- Atención psicoterapéutica: puntual, personalizada, a familias e obradoiros grupais (adultos, menores, familias).


Colonias Urbanas


Sesión de Paternidade Responsable.

4
Técnicos

96
Menores acompañados

O perfil das persoas acompañadas

54 %
Son nenos

65 %
Orixen de América Latina

73 %
Menores de 12 anos

Acubillo Lugo

O PROGRAMA RESPONDE Á NECESIDADE DE PROMOVER A INTEGRACIÓN SOCIAL DE MENORES E DAS SÚAS FAMILIAS EN SITUACIÓN DE POBREZA OU EXCLUSIÓN SOCIAL, MEDIANTE O DESENVOLVEMENTO DE ITINERARIOS DE PROMOCIÓN SOCIOEDUCATIVA.

As persoas destinatarias presentan condicións de vulnerabilidade vinculadas a baixos ingresos, dificultades educativas e limitacións no seu acceso a recursos sociais.

Esta situación evidencia desigualdades estruturais que afectan ao benestar e desenvolvemento da infancia. Neste contexto, o programa articula unha intervención integral orientada a mellorar as súas condicións de vida e favorecer a súa inclusión social.

O PROGRAMA CONTRIBUÍU A MELLORAR DE FORMA SIGNIFICATIVA A CALIDADE DE VIDA DOS MENORES E DAS SÚAS FAMILIAS PARTICIPANTES, FAVORECENDO O SEU DESENVOLVEMENTO EDUCATIVO, EMOCIONAL E SOCIAL.

A través dos itinerarios de intervención, observáronse avances no rendemento escolar, no benestar psicolóxico e na adquisición de hábitos saudables.



Así mesmo, fortaleceuse a capacidade das familias para acompañar aos seus fillos e fillas, mellorando as súas competencias parentais e a súa vinculación cos recursos da contorna. En conxunto, o programa impulsou procesos de inclusión social e xerou cambios positivos na situación socioeconómica das persoas atendidas.

ACTIVIDADES

- Acompañamento e axuda económica por menor.
- Actividades educativas: aula aberta, grupos de estudio asistido, reforzo individual, atención logopédiga e apoio psicomotriz.
- Actividades ocio e tiempo libre: centro aberto, colonias urbanas e campamentos.
- Actividades educativo familiares: espazos familiares 0-3 anos, obradoiros educativos familiares.
- Atención psicoterapéutica: puntual, personalizada, a familias e obradoiros grupais (adultos, menores, familias).

6

Técnicas

70

Menores acompañados

O perfil das persoas acompañadas

59 %

Son nenos

63 %

Orixen de América Latina

63 %

Menores de 12 anos



Josué, participante do programa "Acubillo Lugo".

"Desde que veño ás clases de Acubillo, mellorei moito no colexio.

Ademais, os campamentos e o resto das actividades gústanme moito, pásoo moi ben e puiden facer novos amigos.

Gustaríame seguir participando en todas as actividades que se organizan."





Acompañamento das Familias no Rural

As familias do medio rural afrontan unha situación marcada polo despoboamento, o envellecemento e a dispersión territorial, o que dificulta o acceso a servizos básicos e oportunidades laborais. Moitas delas atópanse en situación de illamento social, con escasos apoios comunitarios e limitados recursos económicos.

Esta realidade obriga en moitos casos a depender da súa contorna máis próxima para cubrir necesidades básicas. Ademais, a falta de infraestruturas e de políticas adaptadas ao territorio rural incrementa o risco de exclusión social. O programa xorde para dar resposta a estas dificultades, promovendo a inclusión e o arraigamento no territorio.

O PROGRAMA CONTRIBUÍU A MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DAS FAMILIAS PARTICIPANTES MEDIANTE UN ACOMPAÑAMENTO INTEGRAL CENTRADO NAS SÚAS NECESIDADES E POTENCIALIDADES.

Favoreceuse o acceso a recursos básicos, a mellora das condicións da vivenda e o desenvolvemento de habilidades para a vida diaria.

Así mesmo, reduciuse o illamento social mediante a creación de redes de apoio comunitario. As familias gañaron autonomía, seguridade e confianza, converténdose en protagonistas do seu propio proceso de cambio. En definitiva, avanzouse na súa integración social e na permanencia na súa contorna rural.

Actividades

- Encontros coas familias para detección de necesidades.
- Acompañamento no acceso a servizos públicos.
- Entrenamento en habilidades da vida diaria e sociais.
- Mellora de vivendas mediante adquisición de equipamento básico.
- Xeración de espazos de encontro e intercambio comunitario.
- Creación e fortalecimento de redes de apoio no territorio.



"A miña experiencia neste programa foi moi positiva. A atención foi excelente e o trato, moi próximo. Esforzanse constantemente por ofrecer un servizo de calidade e sempre intentan axudar ás persoas que máis o necesitan.

Grazas a este programa, recibín un apoio moi importante que marcou unha diferenza significativa na miña situación."

Jessica, participante do programa "Acompañamento das Familias no Rural".

1
Técnica

2
Persoas voluntarias

8
Persoas acompañadas

O perfil das persoas acompañadas

87 %
Son mulleres

75 %
Parella con fillos

87 %
Orixen de América Latina



Emprego

O programa responde a unha realidade marcada pola precariedade laboral, o desemprego e a desigualdade de oportunidades que afectan especialmente ás persoas en situación de vulnerabilidade.

MOITAS DAS PERSOAS QUE ACODEN PRESENTAN LONGOS PERÍODOS DE DESEMPREGO, BAIXA CUALIFICACIÓN, TRAXECTORIAS LABORAIS INESTABLES E ESCASAS REDES DE APOIO, O QUE INCREMENTA O SEU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL.

Ademais, enfróntanse a un mercado laboral caracterizado pola temporalidade, os baixos salarios e as dificultades de acceso, especialmente no caso das mulleres e das persoas migrantes. Esta situación limita a súa autonomía e o seu desenvolvemento persoal.

Por iso, o programa ofrece acompañamento e ferramentas para mellorar a empregabilidade, facilitando o acceso a un emprego digno como elemento clave para a inclusión social e o desenvolvemento integral da persoa.

"O traballo non é só unha necesidade, é parte do sentido da vida nesta terra, camiño de maduración, de desenvolvemento humano e de realización persoal." — Papa Francisco.

O PROGRAMA CONTRIBUÍU DE MANEIRA POSITIVA Á MELLORA DA EMPREGABILIDADE E DA INCLUSIÓN SOCIOLABORAL DAS PERSOAS PARTICIPANTES, AÍNDA QUE DENTRO DUN PROCESO COMPLEXO E PROGRESIVO.

A través de itinerarios personalizados e accións formativas adaptadas, moitas persoas puideron fortalecer as súas competencias persoais e profesionais, así como mellorar a súa autonomía na procura de emprego.

Algunhas accederon a oportunidades laborais, en moitos casos como primeiros pasos cara a traxectorias máis estables.

Ademais, o acompañamento favoreceu o aumento da confianza e da motivación, aspectos clave en procesos de inserción que adoitan requirir tempo.

Deste modo, o programa avanza no seu obxectivo de facilitar o acceso a un emprego digno e promover a inclusión social das persoas acompañadas.

O programa desenvolveu diversas actuacións orientadas a mellorar a empregabilidade das persoas participantes.

Ofrecéronse espazos de información e orientación laboral, con valoración inicial, acompañamento técnico e derivación a Itinerarios Personalizados de Inserción.

Impartíronse accións formativas en sectores como a atención sociosanitaria, a limpeza, a hostalaría, o almacén e a prevención de riscos laborais, moitas delas con prácticas non laborais en empresas. Estas prácticas facilitaron a adquisición de experiencia en contornas reais de traballo.

A intermediación laboral realizouse a través da Axencia de Colocación, xestionando ofertas e perfís e participando en iniciativas territoriais de emprego. Finalmente, reforzouse o traballo en rede mediante a colaboración con entidades e profesionais do ámbito sociolaboral.



3
Técnicos



3
Persoas voluntarias




389
Persoas acompañadas


Participación nos servizos do Programa de Emprego

Acollida e Información Laboral	100 %	Orientación Laboral. IPIS	32 %
Formación para o Emprego	21 %	Intermediación Laboral	15 %


O perfil das personas acompañadas



Son mulleres




Maiores de 45 anos




Traballa por conta propia o allea



Extracomunitario



Estudos medios ou superiores homologados



Con formación sen homologar



Curso de "Operario/a de Limpeza" en Lalín.

100 %

Persoas atendidas en Acollida e Información Laboral

32 %

Persoas acompañadas en Orientación Laboral. IPIS

74

Contratos formalizados en 2025

21 %

Persoas participantes en Formación para o Emprego

15 %

Persoas participantes en Intermediación Laboral



Curso de "Operario/a de Almacén e Loxística" en Lugo

Vídeo - Testemuño
Testemuño de duas participantes do curso "Operario/a de Almacén e Loxística" e da responsable da tenda Sprinter en Lugo.

“No seu conxunto, o plan formativo de Cáritas Diocesana de Lugo destaca por ser moi práctico, orientado á empregabilidade, con módulos transversais sólidos e unha metodoloxía experiencial que combina aula, práctica e acompañamento. Como empresa formadora, a valoración global é positiva.

A nosa colaboración con Cáritas Diocesana de Lugo remóntase a 2012, levando a cabo programas de formación en sectores como a limpeza profesional e a atención sociosanitaria. Durante estes catorce anos, a relación caracterizouse pola confianza mutua, a coordinación fluída e un enfoque compartido na mellora da empregabilidade. Este traballo conxunto permitiu consolidar un modelo formativo práctico e adaptado a diferentes necesidades; non só formamos persoas, senón que facilitamos o seu acceso ao emprego mediante unha metodoloxía práctica e un acompañamento.



Ángeles, empresa formación Eulen-Flexiplan.

As persoas que participan nos plans formativos de Cáritas Diocesana de Lugo amosan un alto nivel de motivación e compromiso, mesmo en situacións de vulnerabilidade. Ao longo do proceso formativo, os nosos formadores observan unha evolución significativa, tanto en competencias técnicas como en autoestima, autonomía e hábitos laborais.

A formación convértese así nun espazo de crecemento onde o alumnado recupera a confianza, fortalece as súas capacidades e mellora as súas oportunidades de inserción. En conxunto, o impacto é claramente positivo: o alumno progresa, implícase e transforma a súa traxectoria cara a un futuro máis estable e digno; en definitiva, non é só que aprendan un oficio, é que recuperan as ganas de intentalo.”

Adquisición de Competencias Clave e Dixitais

Moitas das persoas que participan no programa chegan con baixos niveis formativos, sen estudos homologados e con dificultades para superar as probas de competencias clave que lles permiten acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3.

Outras achéganse cunha importante fenda dixital que lles impide relacionarse coa Administración, buscar emprego ou participar plenamente na sociedade.

Esta combinación de barreiras limita gravemente a súa empregabilidade e aumenta o risco de exclusión.

NESTE CONTEXTO, O PROGRAMA OFRECE UNHA PREPARACIÓN FLEXIBLE, ACCESIBLE E ADAPTADA ÁS SÚAS NECESIDADES, FACILITANDO A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE E DIXITAIS BÁSICAS IMPRESCINDIBLES PARA AVANZAR NOS SEUS ITINERARIOS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL.

O programa contribuíu de maneira significativa a mellorar a situación das persoas participantes, ofrecéndolles unha preparación estruturada e adaptada para adquirir as competencias clave e dixitais necesarias nos seus itinerarios de inserción sociolaboral.

A formación en competencias clave constituíu unha vía fundamental para acceder aos certificados de profesionalidade, porta de entrada a novas oportunidades formativas e a unha mellor incorporación ao mercado laboral. Pola súa parte, a adquisición de competencias dixitais básicas permitiulles interactuar con maior seguridade coa Administración, co mercado de traballo e coa contorna tecnolóxica cotiá.

A través dun acompañamento individualizado, as persoas reforzaron a súa autonomía, a capacidade para afrontar procesos formativos e a confianza para avanzar cara a obxectivos profesionais realistas.

En conxunto, o programa cumpriu o seu obxectivo principal ao reducir barreiras, fortalecer habilidades esenciais e favorecer unha mellora real na participación social e laboral das persoas acompañadas.



1
Técnica



8
Persoas voluntarias



103
Persoas acompañadas

COMPETENCIAS CLAVE

Ao longo do ano 2025 desenvolvéronse accións formativas en competencias clave nos distintos territorios de Lugo, Monforte, Melide, Lalín e Sarria, cunha programación estable de sesións presenciais semanais en cada unha das materias.

O programa incluíu acompañamento e titorización individualizada durante todo o proceso, así como a inscrición e o traslado ás convocatorias oficiais das probas de competencias clave celebradas en maio e outubro.



Materiais propios para a preparación das Competencias Clave.


Competencias Clave en Lugo.


Competencias Clave en Lalín.

56
Persoas acompañadas

80 %
Porcentaxe de probas superadas no nivel 2.

65 %
Porcentaxe de probas superadas no nivel 3.

O perfil das persoas acompañadas

66 %
Son mulleres

36 %
Menores de 35 anos

85 %
Nacionalidade non Española

“Decidín empregar o tempo libre como voluntaria educativa con alumnos de Secundaria e Bacharelato, con carencias no estudo do inglés. Cando me falaron do Programa de Competencias, animeime a probar coa axuda ás persoas maiores.

Resultou moi enriquecedor, porque as persoas maiores cóntanche experiencias moi diferentes.

As persoas maiores desilusiónanse moi pronto, porque o tempo que temos para aprender un novo idioma é moi limitado.

Ao contrario, os máis novos, que xa teñen coñecementos, síntense ilusionados porque para eles é simplemente un repaso do que estudaron e atópano factible.

Levo comigo o coñecer persoas cuxas vidas son moi diferentes ás nosas, os seus problemas, o seu afán de superación; e ver que nós podemos poñer algo da nosa parte para que as súas vidas poidan mellorar.”

Esther, voluntaria do Programa “Adquisición de Competencias Clave e Digitais”.



COMPETENCIAS DIXITAIS BÁSICAS

Impartíronse obradoiros de competencias dixitais básicas de 40 horas en cada territorio, orientados a mellorar a autonomía das persoas no uso das tecnoloxías e na relación coa Administración e co mercado laboral.

47
Persoas acompañadas

O perfil das persoas acompañadas

62 %
Son mulleres

47 %
Entre 35 e 50 anos


Competencias Dixitais en Melide.


Competencias Dixitais en Monforte.

Ademais, elaboráronse materiais didácticos propios, realizouse unha planificación educativa adaptada e mantívose unha coordinación continua cos distintos programas de Cáritas para garantir unha intervención integral.

"Como punto de partida teño que falar da miña vocación ao sacerdocio, que vén marcada polo espírito de servizo desde os seus comezos. No fondo, a vocación é a mesma ca a de todo bautizado: todos estamos chamados a estar atentos ás necesidades dos demais e a poñer a render os nosos talentos, segundo a expresión do Evanxeo, as nosas cualidades.

A miña afección, xa desde a época de seminario, foi a informática. Era o que sempre estaba axudando aos compañeiros a resolver problemas cos seus ordenadores. Unha afección que case acabou converténdose en profesión, traballando como informático no Bispado e realizando cursos de informática para sacerdotes maiores.

Polo tanto, son consciente desde entón das dificultades que teñen moitas persoas para enfrontarse ás novas tecnoloxías. E esta é a base do programa de Competencias Clave e Dixitais Básicas de Cáritas Diocesana de Lugo. Como é algo que sempre fixen, é algo que ofrezo desinteresadamente ás persoas usuarias deste programa para que estean preparadas para os retos que a nosa sociedade esixe.

A adquisición de competencias dixitais por parte da poboación en xeral é actualmente imprescindible. Practicamente xa non se pode realizar ningún trámite coas administracións de forma presencial. E en todos os organismos remítennos a Internet: "Infórmese en Internet, fágao por Internet", son expresións que a nosa xente escoita a diario.

A miña experiencia diaria é que a poboación inmigrante e as persoas maiores dos nosos pobos e cidades non son nativos dixitais como as novas xeracións, e non son capaces de adaptarse facilmente a estes sistemas. Teño que dicir que se avanzou moito cando se empezaron a utilizar teléfonos móbiles en lugar de ordenadores para a realización de moitos trámites. Hai moitas aplicacións que facilitan este labor.

E así o observo en moitos dos cursos. Os que participan neles teñen o seu correo electrónico no móbil, por exemplo... teñen as súas redes sociais... e xa non teñen ou non utilizan ordenador. É unha experiencia moi gratificante sentirse útil para estas persoas."



José Manuel, voluntario do Programa "Adquisición de Competencias Clave e Dixitais".

Atención a Persoas con Discapacidade

AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS SÚAS FAMILIAS ENFRÓNTANSE A IMPORTANTES DIFICULTADES PARA LOGRAR UNHA VIDA AUTÓNOMA E INTEGRARSE PLENAMENTE NA SOCIEDADE.

Moitas chegan en situación de vulnerabilidade, con escasos recursos económicos, dependencia de prestacións insuficientes e dificultades de acceso ao emprego.

Ademais, presentan situacións de illamento social, problemas de saúde mental e falta de apoios familiares ou comunitarios. A dispersión xeográfica e a escaseza de recursos específicos agravan esta realidade, facendo necesario un acompañamento integral que promova a súa autonomía e mellore a súa calidade de vida.



O PROGRAMA CONTRIBUÍU A MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES, FAVORECENDO A SÚA AUTONOMÍA PERSOAL E A SÚA PERMANENCIA NA SÚA CONTORNA HABITUAL.

Cubríronse necesidades básicas, reducíronse situacións de illamento e fomentouse a participación social a través de actividades e obradoiros.

Ademais, o acompañamento individual e grupal permitiu mellorar o benestar emocional e fortalecer as relacións sociais. En conxunto, o programa facilitou procesos de inclusión social, promovendo a dignidade e o desenvolvemento persoal das persoas acompañadas.

Actividades

- Acollida, información, asesoramento e orientación individualizada.
- Apoio para cubrir necesidades básicas.
- Actividades de ocio e tempo libre (excursións, celebracións, saídas culturais).
- Obradoiros formativos: cociña, musicoterapia, percepción corporal, imaxe e coidado persoal, emocións e relacións familiares.
- Sesións de apoio psicolóxico individuais e grupais.
- Acompañamento social e visitas domiciliarias.







2
Técnicas

1
Persoas voluntarias

22
Persoas acompañadas

“Cando cheguei ao programa tiña unha autoestima moi baixa. Custábame valorarme e sentía que non tiña moito que ofrecer. Esa falta de confianza afectaba ás miñas decisións e á miña motivación diaria.


Grazas ao apoio psicolóxico ofrecido polo programa, sinto que teño unha actitude máis positiva ante a vida.”

Marta, participante do programa “Atención a Persoas con Discapacidade”

O perfil das persoas acompañadas




Son mulleres




Entre 35 y 65 anos



Nacionalidade española



Estudos Primarios




Persoas soas



Viven de alugueiro



Percibe algunha prestación



Non ten ingresos

Atención á Infancia

Os nenos e nenas en situación de vulnerabilidade vense especialmente afectados polas condicións de pobreza e exclusión social, o que repercute negativamente no seu desenvolvemento persoal, educativo e emocional.

Estas situacións limitan o acceso a dereitos fundamentais como a educación, o lecer, a saúde ou a participación social. Ademais, a falta de recursos familiares dificulta a posibilidade de ofrecer aos menores experiencias educativas e de tempo libre enriquecedoras.

Por iso, resulta fundamental desenvolver programas que promovan o benestar integral da infancia e garantan a igualdade de oportunidades.

O PROGRAMA CONTRIBUÍU A MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DOS NENOS E NENAS PARTICIPANTES MEDIANTE O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS, CULTURAIS E DE LECER QUE FAVORECEN O SEU CRECEMENTO INTEGRAL.

Promovéronse hábitos saudables, a participación activa e a convivencia en contornas normalizadas.

Así mesmo, fortaleceuse a inclusión social, especialmente daqueles menores en situación de maior vulnerabilidade. As actividades permitiron reforzar habilidades sociais, autoestima e valores como a cooperación e o respecto. Ademais, favoreceuse a conciliación familiar e a implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas.

2
Técnicos

17
Persoas voluntarias

104
Persoas acompañadas

1.051
Participantes en Campaña Educativa



"As actividades que facemos gústanme moito porque son moi divertidas e pásomo xenial.

Os monitores son moi bos e sempre nos axudan cando o necesitamos.

Encántame vir aquí porque, ademais de aprender, tamén fago amigos e síntome moi a gusto."

Verónica, participante do programa "Atención á Infancia"

CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

- Campaña Educativa.
- Campaña do Día Internacional da Infancia.
- Premios da Caridade.

ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

- Actividades de Entroido.
- Campamentos Urbanos.
- Obradoiros Educativos e de Prevención.
- Actividades Culturais.
- Actividades de Nadal.
- Formación e Coordinación do Voluntariado.
- Reunións de planificación, seguimento e evaluación.



Obradoiro sobre Seguridade en Internet.



Campamento Urbano.

Atención á Xuventude

Os mozos e mozas en situación de vulnerabilidade enfróntanse a dificultades derivadas de contextos de pobreza, desigualdade e falta de oportunidades, que afectan ao seu desenvolvemento persoal, social e educativo.

Estas circunstancias limitan o acceso a recursos, formación e espazos de participación, incrementando o risco de exclusión social.

Ademais, factores como os problemas de saúde mental, a exposición a condutas de risco ou o uso inadecuado das novas tecnoloxías agravan esta situación.

TODO ISTO FAI NECESARIO PROMOVER ESPAZOS EDUCATIVOS E DE ACOMPAÑAMENTO QUE FAVOREZAN O DESENVOLVEMENTO INTEGRAL DA MOCIDADE E A SÚA PARTICIPACIÓN ACTIVA NA SOCIEDADE.

O PROGRAMA FAVORECEU O DESENVOLVEMENTO PERSOAL E SOCIAL DOS MOZOS E MOZAS PARTICIPANTES, PROMOVENDO VALORES COMO A CONVIVENCIA, A SOLIDARIEDADE E A RESPONSABILIDADE.

Xeráronse espazos de participación e aprendizaxe que contribuíron a mellorar as súas habilidades sociais, a súa autonomía e a súa autoestima.

2
Técnicas

11
Persoas voluntarias

48
Persoas acompañadas

152
Participantes en Campaña Educativa

Así mesmo, as actividades permitiron ofrecer alternativas de lecer saudable, reducindo condutas de risco e fomentando estilos de vida positivos. Tamén se fortaleceu a súa implicación na comunidade, promovendo unha cidadanía activa e comprometida.

En conxunto, o programa contribuíu a mellorar as súas oportunidades de integración social e desenvolvemento persoal.



CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

- Campaña Educativa.
- Campaña do Día Internacional da Infancia.
- Premios da Caridade.



Obradoiro de Defensa Persoal.

ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA MOZOS

- Actividades de Entroido.
- Campamento Multiaventura.
- Obradoiros Formativos: Alimentación Saudable, Prevención de Adiccións, Seguridade na Rede, Primeiros Auxilios e Defensa Persoal.
- Actividades Culturais.
- Actividades de Nadal.
- Formación e Coordinación do Voluntariado.
- Reunións de planificación, seguemento e evaluación.



Obradoiro de Seguridade na Rede.



Obradoiro de Primeros Auxilios.



“Desde os 9 anos, os campamentos foron unha parte moi importante da miña vida.

Co paso do tempo, deixei de ser só un neno participante e empecei a velos desde outra perspectiva, dando o paso como monitor voluntario.

Esta experiencia permitiume medrar moito a nivel persoal e descubrir o que realmente implica esta responsabilidade. Ser monitor ensinoume valores como a responsabilidade, o traballo en equipo e o compromiso.

Agora estou realizando o curso de monitor en Cáritas para seguir formándome e facelo cada vez mellor.”

José Luis, voluntario do programa “Atención á Xuventude”

Intervención Educativa

A crecente desigualdade social e económica ten un impacto directo no ámbito educativo, especialmente na infancia e adolescencia en situación de vulnerabilidade.

Moitos menores presentan dificultades no seu proceso de aprendizaxe debido a factores como a falta de recursos, a contorna familiar ou as condicións de vida.

Esta situación incrementa o risco de fracaso escolar e perpetúa ciclos de pobreza e exclusión social. Ademais, a diversidade do alumnado e a fenda dixital agravan estas desigualdades.

POR ISO, RESULTA NECESARIO UN PROGRAMA QUE OFREZA APOIO EDUCATIVO INDIVIDUALIZADO E GARANTA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

O programa contribuíu a mellorar o rendemento académico e as competencias educativas dos participantes mediante un acompañamento personalizado.

REFORZÁRONSE HÁBITOS DE ESTUDO, A AUTONOMÍA NA APRENDIZAXE E A MOTIVACIÓN CARA Á EDUCACIÓN.

Así mesmo, moitas persoas lograron acadar os seus obxectivos académicos, como promocionar de curso ou superar probas formativas.

Tamén se favoreceu a inclusión social e o desenvolvemento persoal, fortalecendo a autoestima e as expectativas de futuro.

En conxunto, o programa axudou a romper barreiras educativas e a mellorar as oportunidades de inserción social e laboral.

ACTIVIDADES

- Clases individuais e grupais de reforzo educativo a menores e adolescentes.
- Alfabetización e formación de persoas adultas.
- Deseño de plans educativos individualizados.
- Titorías e seguemento personalizado.
- Evaluacións psicopedagóxicas e apoio terapéutico.
- Orientación educativa a familias.
- Coordinación con centros educativos e entidades.

Zonas: Lalín, Melide, Sarria, Monforte y Lugo.



Clase de Alfabetización en Lugo.



Clase de Intervención Educativa en Monforte.

2
Técnicas

14
Persoas voluntarias

105
Persoas acompañadas

O perfil das persoas acompañadas

61 %
Son mulleres

61 %
Orixinarias de América Latina

5 %
Orixinarias de Asia

24 %
Orixinarias de África

81 %
Participan en Reforzo Educativo

20 %
Participan en Alfabetización

“Nas clases de reforzo educativo axudástesme moito coas tarefas do colexio e a preparar os exames. Agora saco mellores notas e estou máis contenta.

Gustaríame seguir vindo porque aprendo moitas cousas novas.”

Daniela, participante do programa “Intervención Educativa”



Escola de Pais e Nais

As familias en situación de vulnerabilidade afrontan dificultades para exercer adecuadamente o seu rol educativo, debido a factores como a precariedade económica, o baixo nivel formativo ou a falta de habilidades parentais.

Estas circunstancias xeran tensións na convivencia familiar e dificultan o desenvolvemento emocional e social dos menores. En moitos casos, as familias carecen de ferramentas para xestionar conflitos, establecer normas ou comunicarse de maneira efectiva.

Por iso, faise necesario un programa que proporcione orientación, formación e acompañamento para fortalecer as competencias parentais.

O PROGRAMA PERMITIU MELLORAR AS CAPACIDADES EDUCATIVAS E RELACIONAIS DAS FAMILIAS PARTICIPANTES, DOTÁNDOAS DE FERRAMENTAS PARA UNHA CRIANZA MÁIS CONSCIENTE E POSITIVA.

Favoreceuse a mellora da comunicación familiar, a xestión emocional e a resolución de conflitos.

Así mesmo, incrementouse a confianza dos proxenitores no seu rol, promovendo relacións máis equilibradas cos seus fillos e fillas. O espazo grupal facilitou o intercambio de experiencias, reducindo o illamento e xerando apoio mutuo.

No seu conxunto, o programa contribuíu a fortalecer o benestar familiar e o desenvolvemento integral dos menores.



Sesión en Monforte de Lemos.

ACTIVIDADES

- Acollida, asesoramento e orientación a familias.
- Formación en comunicación, xestión emocional e resolución de conflitos e uso responsable de novas tecnoloxías.
- Aplicación de ferramentas de coaching familiar.
- Sesións individuais de orientación con familias.

O perfil das persoas acompañadas

2
Técnicos

49
Personas acompañadas

80 %
Son mulleres

82 %
Orixinarias de América Latina

65 %
Familias compostas por parellas con fillos

33 %
Familias monopartentais


Sesión en Sarria.

"A miña experiencia nos obradoiros da escola de pais e nais foi excelente. Proporcionáronnos moita información valiosa que, como pais con pouca experiencia, soubemos aproveitar e valorar.

Grazas a estes obradoiros, agora manexamos moito mellor situacións relacionadas coa crianza e a educación dos nosos fillos."


Bryan, participante do programa "Escola de Pais e Nais"

Atención a persoas migrantes

“Contade con Nós”

O complexo entramado legal español esixe un acompañamento técnico para que as persoas inmigrantes poidan navegar procesos de arraigamento, protección internacional ou reagrupamento familiar, garantindo así a súa seguridade xurídica.

Persoalmente, moitas chegan fuxindo de conflitos armados, persecución política ou situacións de violencia estrutural e de xénero nos seus países de orixe. Outras fano impulsadas pola extrema pobreza, a falta de oportunidades económicas ou o desexo de reunirse con familiares xa asentados. Nos casos máis graves, chegan baixo o control de redes de explotación que se aproveitan do seu descoñecemento das leis locais.

O PROXECTO GARANTIU A SEGURIDADE XURÍDICA ORIENTANDO E INFORMANDO ÁS PERSOAS MIGRANTES PARA ACCEDER AOS SEUS DEREITOS FUNDAMENTAIS AO CHEGAR AO NOSO PAÍS.AÍS.

A través do acompañamento técnico, eliminaronse as barreiras legais que impedían a súa integración social, apoiando especialmente ás persoas en situación de vulnerabilidade.

Este respaldo foi o motor clave para facilitar a súa inserción laboral. O apoio para a regularización da súa situación facilita o tránsito da exclusión cara a unha cidadanía activa, acadando unha base sólida para a súa plena autonomía.

EN DEFINITIVA, O APOIO TRANSFORMOU A PRECARIEDADE NUN PROXECTO DE VIDA ESTABLE E CON GARANTÍAS DE FUTURO.

ACTIVIDADES

- Orientación xurídica e apoio na xestión documental para trámites de estranxería: residencia, reagrupación familiar, visados, trámites consulares, expedientes sancionadores, procedimentos de asilo...
- Orientación e apoio nos procesos de acceso á nacionalidade española.
- Sesións informativas.



O meu nome é Ada Iris Díaz Valdés, participante do programa de asistencia a emigrantes de Monforte.

Son cidadá de nacionalidade cubana e fun atendida no ano 2025 no programa de Asesoramento Xurídico de Cáritas. Fun moi ben atendida, con moi boa atención e un trato excelente.

Grazas a este programa acabo de conseguir a nacionalidade española.

Eu recoméndolle este programa a moitas persoas.

Ada, participante do programa "Migrantes "Contade con Nós""



Charla Informativa en Monforte de Lemos

3
Técnicos

471
Persoas acompañadas

O perfil das persoas acompañadas

50 %
Son mulleres

50 %
Son homes

65 %
Orixinarias de América Latina

34 %
Orixinarias de África

68 %
En situación administrativa irregular

32 %
Con permiso de residencia

Migrantes “Participa con Nós”

AS MIGRACIÓNS FORON UNHA NECESIDADE PARA A HUMANIDADE DESDE A ANTIGÜIDADE.

Na actualidade, un dos principais obstáculos que impiden a integración das persoas inmigrantes e o seu acceso equitativo aos dereitos humanos nas sociedades de acollida son os sentimentos arraigados que existen contra elas e as prácticas discriminatorias.

É vital que a sociedade comprenda que a emigración é un proceso traumático no que a persoa deixa a súa terra e a súa familia por necesidade e por vontade de progreso.


Unha convivencia pacífica implica necesariamente unha adaptación mutua e unha construción compartida entre a poboación autóctona e a poboación estranxeira.

DESENVOLVEMOS E ORGANIZAMOS DIVERSAS ACCIÓNS ENCAMIÑADAS A FAVORECER A PARTICIPACIÓN SOCIAL E INCLUSIVA DA POBOACIÓN INMIGRANTE, ASÍ COMO A CONVIVENCIA INTERCULTURAL.


Facilitamos a mediación e o apoio necesarios nas distintas fases de adaptación e asentamento. Intentamos evitar o illamento da poboación inmigrante e favorecer a adquisición de habilidades e coñecementos pola súa parte, organizando diferentes actividades inclusivas, como por exemplo obradoiros formativos e de lecer, saídas culturais e excursións; así como actividades encamiñadas a sensibilizar no respecto á diferenza cultural na sociedade de acollida.




O perfil das persoas acompañadas




Son mulleres




Menores de 40 anos




Orixinarias de América Latina




Con estudos sen homologar




Con fillos a cargo



Viven de alugueiro



Teñen permiso de residencia



No teñen ingresos

ACTIVIDADES

- Apoio económico e pago de tasas.
- Xestión de retorno voluntario.
- Obradoiro CCSE (Coñecementos Constitucionais e Socioculturais de España).
- Obradoiro DELE A2 (Diploma de Español como Lingua Estranxeira).
- Obradoiro DELE A1 (Diploma de Español como Lingua Estranxeira).
- Obradoiro de Informática.
- Saídas culturais.
- Atención psicolóxica.


Clase de DELE A2


Visita ao Museo Provincial de Lugo



Acompañamento á proba de Acceso á Nacionalidad


Obradoiro de Informática

“Chámome Camila Fernández Martínez e son voluntaria de Cáritas desde o ano 2010 ata a actualidade. Colaboro en diferentes programas educativos, principalmente con persoas inmigrantes de diversos países.

Imparto clases de alfabetización e preparación para as probas necesarias para a adquisición da nacionalidade española. Así mesmo, participo no programa de Competencias Clave.

Ser voluntaria de Cáritas resúltame moi gratificante, xa que valoro profundamente o labor que realiza esta institución tanto en Lugo como noutros lugares. Esta é a razón pola que continúo colaborando na medida das miñas posibilidades, coa intención de seguir facéndoo no futuro.

Considero que o voluntariado non só contribúe a mellorar a vida doutras persoas, senón que tamén fortalece valores fundamentais como a solidariedade, o respecto e o compromiso social.

As persoas ás que acompaño mostran un profundo agradecemento, o cal resulta moi motivador. Prodúceme unha gran satisfacción observar os seus progresos, ver como gañan confianza en si mesmas e comprobar que os coñecementos adquiridos nas clases teñen un impacto real no seu día a día, axudándolles a avanzar cara a unha vida máis autónoma e integrada.”



Camila, voluntaria do programa
“Paricipa con Nós”

Introdución á lingua e cultura gallegas

O COÑECEMENTO DA LINGUA PROPIA DO TERRITORIO CONSTITÚE UN FACTOR CLAVE PARA A INTEGRACIÓN SOCIAL, CULTURAL E LABORAL DAS PERSOAS MIGRANTES.

En Galicia, o descoñecemento do galego pode supoñer unha dificultade engadida no acceso aos servizos públicos, á participación comunitaria e ás oportunidades de inserción sociolaboral.

Neste contexto, Cáritas Diocesana de Lugo desenvolve o programa Curso de Introdución á Lingua e á Cultura Galegas, co obxectivo de facilitar procesos de integración efectiva e favorecer a incorporación de novas persoas falantes á comunidade lingüística galega.

O programa lévase a cabo en colaboración coa Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia, en coherencia co marco normativo de normalización lingüística e co compromiso común coa cohesión social, a diversidade cultural e a igualdade de oportunidades.

O obxectivo principal é facilitar a integración sociocultural das persoas migrantes a través da aprendizaxe básica da lingua galega e do coñecemento da súa cultura. Para iso, búscase introducir o alumnado na fonética, no vocabulario e nas estruturas básicas do idioma, proporcionar ferramentas de comunicación útiles para a vida diaria, desenvolver a comprensión oral e escrita, fomentar a interacción en situacións reais e achegar aspectos clave da cultura, das tradicións e da identidade galegas, promovendo ademais unha actitude positiva cara ao uso do galego como lingua de integración e convivencia.



1

Técnica



102

Persoas acompañadas



12

Cursos presenciais en Lugo, Monforte, Sarria, Melide, Lalín e Becerreá

ACTIVIDADES

Lingua galega

- Saúdos e presentacións.
- Datos persoais e vocabulario básico.
- Números, datas e horarios.
- Comunicación en situacións cotiás (compras, saúde, transporte).
- Comprensión e expresión oral e escrita básica.


Cultura gallega

- Galicia: territorio, símbolos e identidade.
- Tradicións e festas populares.
- Gastronomía galega.
- Música e manifestacións culturais.
- Introdución ao Camiño de Santiago.






El perfil de las personas acompañadas




Son mulleres



Entre 31 e 50 anos



Nacionalidade de América Latina



Video sobre o programa con testemuños de participantes

Arraigo para a Formación

O PROGRAMA NACEU PARA DAR RESPOSTA Á SITUACIÓN DE PERSOAS MIGRANTES QUE SE ATOPABAN EN SITUACIÓN ADMINISTRATIVA IRREGULAR, UNHA CIRCUNSTANCIA QUE DIFICULTABA GRAVEMENTE O ACCESO A UN EMPREGO ESTABLE E A UNHA VIDA NORMALIZADA.

A falta de documentación impedíalles acceder ao mercado laboral formal, obrigándoas en moitos casos a aceptar traballos precarios, inestables ou en economía mergullada. Ademais, moitas destas persoas presentaban situacións de vulnerabilidade económica, escasa rede de apoio e dificultades formativas.

Ante esta realidade, o programa ofreceu un itinerario integral baseado na regularización administrativa, na formación adaptada ás necesidades do mercado laboral e no acompañamento sociolaboral personalizado, favorecendo así a inclusión social e laboral das persoas participantes.

O programa conseguiu que as 25 persoas participantes obtivesen autorización de residencia por arraigo para a formación e completasen con éxito as accións formativas previstas. Ademais, 23 persoas conseguiron posteriormente un contrato laboral relacionado coa formación recibida, obtendo así autorización de residencia e traballo por dous anos.

O acompañamento integral desenvolvido permitiu mellorar notablemente a autonomía, a estabilidade e a empregabilidade das persoas participantes, facilitando a súa integración social e laboral.

O proxecto tamén fortaleceu a colaboración con empresas do territorio e xerou oportunidades reais de inserción en sectores con demanda de emprego como a hostalaría, o comercio, a limpeza e a construción.

ACTIVIDADES

- Acollida e atención de persoas migrantes en situación administrativa irregular.
- Valoración da idoneidade e realización de diagnósticos de empleabilidade.
- Deseño de itinerarios personalizados de inserción sociolaboral.
- Tramitación de permisos de residencia por arraigo para a formación.
- Desenvolvemento de accións formativas con prácticas en empresas en albanelería, limpeza e comercio, incorporando formación en igualdade de oportunidades.
- Prospección empresarial e intermediación laboral.
- Acompañamento e seguimento nas incorporacións laborais.
- Tramitación de permisos de residencia e traballo.

“Antes de participar no programa traballaba en economía mergullada, facendo días soltos porque as empresas non querían contratarme ao non ter documentación. Había momentos nos que non tiña ingresos e nalgunha ocasión necesitei axuda de alimentación de Cáritas.

Grazas ao programa puiden regularizar a miña situación e acceder a unha formación que me permitiu incorporarme a Almacéns Chao, en Sarria.

Actualmente traballo realizando reparto de mercadoría en furgón e sigo na mesma empresa despois dun ano. Estou moi contento polo trato recibido, tanto por parte da empresa, que sempre foi moi humana comigo, como por parte do persoal de Cáritas.

Este programa cambioume a vida; hoxe teño traballo, podo afrontar os meus gastos e síntome outra persoa.”




Alfredo, participante do programa
“Arraigo para a Formación”

2
Técnicos

25
Persoas acompañadas

O perfil das persoas acompañadas



Son mulleres



Menores de 40 anos



Orixinarias de Colombia

Desenvolvéronse accións de prospección empresarial con 77 empresas dos sectores da construción, hostalaría, limpeza e comercio, promovendo a colaboración do tecido empresarial, a realización de prácticas non laborais e a inserción laboral das persoas participantes. Estas actuacións permitiron facilitar a obtención de 23 ofertas de traballo vinculadas á formación realizada.



Jose Antonio, asesor xurídico do programa Arraigo para a Formación

"Este proxecto supuxo unha oportunidade real para moitas persoas migrantes que levaban anos intentando regularizar a súa situación sen éxito.

A través do acompañamento individualizado puidemos orientar, formar e apoiar a cada participante durante todo o proceso, desde a obtención do permiso de residencia ata a procura de emprego.

Ver como a maioría conseguiu un contrato de traballo e puido iniciar unha nova etapa vital foi unha experiencia moi enriquecedora tanto a nivel profesional como persoal.

O traballo coordinado entre os distintos programas de Cáritas e a implicación das empresas colaboradoras foron fundamentais para acadar os obxectivos do proxecto."

Maiores “Vivir na casa”

LEVAMOS MÁIS DE 45 ANOS OFRECENDO APOIO E RECURSOS PARA QUE AS PERSOAS MAIORES DA NOSA DIOCESE POIDAN SEGUIR VIVINDO NAS SÚAS CASAS, MANTENDO A SÚA CALIDADE DE VIDA E AUTONOMÍA.

A realidade social das persoas maiores vese afectada por factores económicos, sociais, de saúde e, moitas veces, de illamento territorial e soidade non desexada.

O feito de que unha porcentaxe elevada viva soa, dependa dunha Pensión non Contributiva ou non teña ingresos propios; asuma custos de alugueiro; teña problemas de saúde crónicos ou puntuais, con escasas relacións, sobrevivindo en zonas rurais illadas con difícil acceso a servizos como o médico, a tenda, etc., diminúe a súa capacidade de levar unha vida plena e satisfactoria.

PROMOVER A AUTONOMÍA PERSOAL

A través de obradoiros, excursións e actividades lúdicas, favorecendo a interacción e a comunicación e evitando os sentimentos de soidade e illamento.

FAVORECER A PERMANENCIA NO DOMICILIO

Realizando visitas a domicilio e acompañamentos nas tarefas cotiás: acudir á tenda, ao médico ou ao banco; é unha maneira de proporcionar apoio emocional e evitar a soidade non desexada, ademais de permitirlles unha independencia que reforza o sentimento de pertenza e conexión coa comunidade.

ESTAS ACCIÓNS, ADAPTADAS ÁS NECESIDADES INDIVIDUAIS, RECOÑECEN E POTENCIAN AS SÚAS CAPACIDADES PARA SEGUIR SENDO MEMBROS ACTIVOS E VALORADOS DA SOCIEDADE.

3
Técnicas

4
Persoas voluntarias

133
Persoas acompañadas





O perfil das persoas acompañadas

79 %
Son mulleres

71 %
Entre 71 e 80 anos

56 %
Viven sós

63 %
Viven de alugueiro

94 %
Nacionalidade española

69 %
Só con estudos primarios

74 %
Perciben unha pensión

21 %
Sen ingresos

ACTIVIDADES

- Acollida, escoita, orientación e atención.
- Acompañamentos para a realización de diversas xestións.
- Acompañamentos no domicilio e en ingresos hospitalarios.
- Axudas económicas para cubrir necesidades básicas.
- Realización de actividades lúdicas: obradoiros para promover a saúde e hábitos de vida saudable, actividades manuais..., excursións, saídas culturais.
- Traballo en rede con outros profesionais e organismos tanto públicos como privados.



Obradoiro para promover a saúde.



Excursión.

“O meu nome é Roquelina Cuellar Pérez, son unha persoa maior das moitas que vivimos soas. Nacín en Cuba no ano 1959, filla de nai española e pai cubano.

No ano 2015 emigrei a España, Galicia, Lugo, deixando atrás unha filla, unha profesión e unha vida. Foi o lugar elixido por vivir nesta cidade amigos da infancia e unha irmá coa súa familia, que emigraran uns anos antes.

Son graduada en Veterinaria e Técnica en Laboratorio Clínico de Animais, estudos que realicei en Cuba. Ata o ano 2021 traballei aquí en Lugo na Atención e Coidado de Persoas Maiores. Foi nese ano cando tiven un accidente laboral no que sufrín unha fractura no pé esquerdo que derivou en dúas operacións e limitou a miña vida activa como traballadora. Despois dun longo período de recuperación sentín a necesidade de ter axuda e comprensión. Xa coñecía a existencia de Cáritas como unha entidade caritativa e social da Igrexa Católica, entidade que, entre outras moitas funcións, se dedica a combater a exclusión social, as inxustizas e a pobreza, acompañando persoas vulnerables, inmigrantes e outras mediante diferentes actividades, e que contribúe a devolver a dignidade e os dereitos a través de persoal voluntario. Desde o primeiro momento sentinme arroupada, comprendida e apoiada, recibindo atención e asesoramento para procesos e xestións que debía emprender ante as problemáticas que se lle presentan a unha persoa maior de máis de 65 anos. As persoas traballadoras do programa de Maiores que me atenderon son excepcionais, cunha sensibilidade extraordinaria, paciencia infinita e coñecementos sólidos.

Nestes dous anos de convivencia facilitáronme integrarme nun colectivo de persoas coas que comparto numerosas actividades e obradoiros que fan que vivamos momentos e experiencias en familia, e isto foi posible grazas á axuda directa das persoas implicadas na nosa atención desde Cáritas Diocesana de Lugo. Este grupo de persoas sabe escoitar, comprender, acompañar e orientar con moita paciencia, traballando na nosa saúde espiritual e mental e facéndonos sentir que, a pesar da nosa idade e dos nosos problemas, podemos ser útiles.

GRAZAS CÁRITAS POR TANTO E POR FACERME SENTIR DESTA MANEIRA

Roquelina, participante do programa Maiores “Vivir na Casa”



Ver documental

NA CASA
ONDE O CORAZÓN REPOUSA

UN DOCUMENTAL DE **SITO TORRES LAMELA**

PRODUCIÓN EXECUTIVA **CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO**
DIRECCIÓN **SITO TORRES LAMELA** MONTAXE **SITO TORRES LAMELA** DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA **RUBÉN GARCÍA LÓPEZ**

Cáritas
Diocesana de Lugo



Acollida a Mulleres Vítimas de Trata, Violencia ou Explotación Sexual

A VIOLENCIA MACHISTA É A MÁXIMA EXPRESIÓN DUN SISTEMA ESTRUTURAL DE DESIGUALDADE E INXUSTIZA SOCIAL, E UNHA GRAVE VULNERACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS DAS MULLERES.

As súas formas de manifestación son múltiples, desde as máis sanguentas, como os feminicidios, a trata con fins de explotación sexual ou os matrimonios forzados, ata cuestións que, como sociedade, se atopan normalizadas, como poden ser os «micromachismos» que forman parte da nosa «cultura social».

Todas estas situacións supoñen graves vulneracións dos dereitos das mulleres, como o dereito á vida, á integridade física e psíquica, á dignidade e á liberdade.

CONSEGUIMOS ACOMPAÑAR O PROCESO CARA Á RECUPERACIÓN DA AUTONOMÍA E DA DIGNIDADE DAS MULLERES, PERMITÍNDOLLES SANAR AS SECUELAS DO TRAUMA NUN CONTORNO SEGURO.

Ao fortalecer a súa resiliencia e capacidades persoais, elimínanse as barreiras que xeran exclusión e illamento. Este proceso transforma a súa vulnerabilidade en empoderamento, facilitando que retomen o control das súas vidas e se reintegren activamente na sociedade. Así, o acompañamento convértese na ponte definitiva cara a unha vida independente, estable e co pleno exercicio dos seus dereitos.



Exposición sobre a Trata de Persoas no HULA.

"Son colombiana, migrante e participante do programa Muller de Cáritas en Lugo.

Ingressei no programa porque viña dunha situación de violencia; económica e psicoloxicamente non me atopaba ben, estaba chea de inseguridades e medos e sen ningún emprego.

Este programa foi o mellor que me puido pasar. Atopei unha excelente axuda por parte da miña traballadora social, Cristina, quen sempre estivo para apoiarme e facíame saber que sempre podía contar con ela; tamén tiven axuda psicolóxica por parte de Rita, grazas a quen non só recuperei a fe e a esperanza en min mesma, senón que tamén me ensinou a valorarme como persoa e a entender que o amor propio é o que te fai ser mellor cada día.

E como non contar a excelente axuda que tiven por parte da avogada Cristina, quen me acompañou legalmente en todos os trámites para poder obter a miña residencia. Sempre estivo moi disposta para todo o que precisei.

Hoxe en día son unha persoa con residencia legal en España, cun emprego que me permite cubrir as miñas necesidades económicas e cun amor propio que me fixo entender que, a pesar de todas as dificultades, ao final sempre hai unha luz.

Grazas infinitas a Cáritas e a todas as persoas colaboradoras; por experiencia propia podo dicir que cambiaron a miña vida."

Participante do programa "Atención a Mulleres Vítimas de Trata, Violencia ou Explotación Sexual"



3
Técnicas



1
Persoa voluntaria



38
Mulleres acompañadas



97
Mulleres contactadas en zonas de prostitución



Visita a exposición.



Obradoiro "Medrando Xuntas".

ACTIVIDADES

- Achegamento a contextos de prostitución.
- Acollida e acompañamento.
- Apoio na cobertura das necesidades básicas.
- Orientación e apoio social, psicolóxico e xurídico.
- Actividades e obradoiros.
- Coordinación interna e externa.
- Accións de Sensibilización.



Obradoiro "Medrando Xuntas".

O perfil das mulleres acompañadas




Entre 36 y 50 anos




Extracomunitaria



Familia monoparental



Vive de alugueiro



Sen ingresos

Promoción da Saúde Integral das Mulleres

As mulleres participantes deste proxecto chegan en situación de vulnerabilidade social, económica e emocional, moitas veces con dificultades para cubrir necesidades básicas, escaso acceso a recursos, especialmente en contornas rurais, e redes de apoio limitadas, xa que en moitos casos se trata de mulleres migrantes, o que implica a ausencia dunha rede familiar e social estable.

É por iso que se detecta unha desigualdade estrutural derivada dos roles de xénero que afecta á súa saúde, tanto física como mental. Moitas presentan sobrecarga familiar, illamento, baixa autoestima ou experiencias traumáticas vividas xa durante a infancia que acaban afectando moi negativamente a saúde da muller, polo que se considera necesario un programa centrado na promoción da saúde destas mulleres.

O PROGRAMA CONTRIBUÍU A MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DAS MULLERES PARTICIPANTES, FORTALECENDO A SÚA SAÚDE FÍSICA, EMOCIONAL E SOCIAL.

A través do acompañamento individual e grupal, adquiriron hábitos saudables, ferramentas de autocoidado e habilidades persoais que favorecen a súa autonomía.

Logrouse reforzar a súa autoestima, ampliar as súas redes de apoio e facilitar o acceso a recursos comunitarios. Ademais, garantiuse a cobertura das necesidades básicas nos casos necesarios.

A alta participación e satisfacción recollidas durante a intervención reflicten un impacto positivo e o cumprimento do obxectivo principal do programa de promover o benestar integral das mulleres.



Obradoiro do Ciclo de Saúde Integral da Muller en Lalín.



Obradoiro d Ciclo da Saúde Integral da Muller en Lugo.

ACTIVIDADES

- Acollida e valoración inicial.
- Entrevistas individuais e seguimento.
- Apoio económico para necesidades básicas.
- Obradoiro de educación para a saúde (nutrición, exercicio físico, mindfulness, educación sexual, autoestima).
- Atención psicolóxica individual.
- Actividades grupais de integración social.
- Actividades de ocio e tiempo libre (visitas culturais, experiencias inmersivas).



Obradoiro do Ciclo da Saúde Integral da Muller en Lugo.



Obradoiro do Ciclo da Saúde Integral da Muller en Verín.


2
Técnicas

59
Persoas acompañadas


O perfil das mulleres acompañadas



Nacionalidade Española



Orixen en América Latina



Entre 31 e 65 anos

“Cando empecei a acudir a Cáritas, a miña situación era complicada e sentíame bastante perdida e desanimada. Pouco a pouco, grazas ao acompañamento recibido, fun atopando máis estabilidade e confianza en min mesma.

O meu paso por Cáritas foi moi positivo. Sentinme escoitada, apoiada e comprendida en todo momento. Puido mellorar en varios aspectos da miña vida, tanto a nivel persoal como emocional, e agora síntome máis forte e con máis esperanza de cara ao futuro.

Sobre todo, valoro moito o trato próximo e o apoio que recibín, que foron fundamentais no meu proceso.
Moitas grazas por todo.”

Larissa, participante do programa “Promoción da Saúde Integral da Muller”

Acollida a Persoas Sen Fogar

Ao longo do ano 2025, a maioría das persoas que acudiron ao programa son aquelas que se atopan en risco de perder a súa vivenda ou en situación de vulnerabilidade habitacional, máis que aquelas que xa están sen fogar. Moitas delas viven en condicións de inestabilidade, como en aloxamentos temporais, pensións, hostais ou mesmo na rúa.

EN XERAL, TRÁTASE DE PERSOAS EN SITUACIÓN IRREGULAR, ALGUNHAS SEN DOCUMENTACIÓN, QUE NON CONTAN CON SEGUIMENTO SANITARIO NIN ACCESO Á ATENCIÓN PRIMARIA OU A RECURSOS ESPECIALIZADOS, QUEDANDO FÓRA DO SISTEMA.

A maioría atópase soa, sen apoio familiar ou social, e en ocasións presenta problemas de saúde mental e/ou adiccións.

O PROGRAMA PERMITIU MELLORAR A ESTABILIDADE PERSOAL E SOCIAL DAS PERSOAS ACOMPAÑADAS MEDIANTE UN ENFOQUE INTEGRAL CENTRADO NA PERSOA E BASEADO NO ACCESO E MANTEMENTO DUNHA VIVENDA DIGNA.

Grazas ao acompañamento individualizado, ás axudas económicas e ao apoio psicolóxico e social, moitas persoas puideron evitar situacións de rúa, mellorar a súa autonomía e acceder a recursos básicos como alimentación, documentación, atención sanitaria e apoio emocional.

A estabilidade residencial favoreceu tamén unha mellora na saúde mental, na participación social e na capacidade para afrontar procesos de inserción social e laboral.

Ademais, as actividades grupais e as accións de sensibilización fortaleceron as competencias persoais e dixitais das persoas participantes, promovendo a súa inclusión e reducindo o illamento social.

O programa contribúe así a reforzar a dignidade, a autoestima e as oportunidades de integración das persoas en situación de senfogarismo.



Día Europeo das Persoas Sen Fogar.

"Quero expresar o ben que me sentín con todo o apoio que me prestaron no momento máis vulnerable da miña vida, o equipo que conforma Cáritas Diocesana de Lugo.

O apoio que me prestaron, tanto en materia de vivenda como de alimentación, serviume para estabilizarme no ámbito laboral.

Estou inmensamente agradecida polo apoio e a atención prestada polas traballadoras sociais."



Thaiz Carolina,
participante
do programa
Acollida a Persoas
Sen Fogar

ACTIVIDADES

- Acollida, asesoramento e información mediante entrevistas individualizadas.
- Axudas económicas para vivenda, alimentación, farmacia, documentación e atención especializada en saúde mental.
- Atención psicolóxica individual.
- Coordinación con Servizos Sociais municipais, Cruz Vermella e recursos sanitarios.
- Realización de obradoiros grupais de xestión emocional e alfabetización dixital ("Exprime o teu móbil").
- Campaña de sensibilización con motivo do Día Europeo das Persoas Sen Fogar baixo o lema "Sen fogar, pero con soños".
- Actividades de acompañamento e intervención social continuada.



Obradoiro de Xestión Emocional.



Obradoiro "Exprime tu móbil".

2
Técnicas

38
Persoas acompañadas

O perfil das persoas acompañadas

84 %
Son homes

32 %
Menos de 35 anos

24 %
Nacionanilade española


SEN FOGAR PERO
CON SOÑOS
Ver anuncio
Cáritas
Diocesana de Lugo

Formación e Sensibilización do Voluntariado


A formación e o seguimento do voluntariado son un elemento esencial para o seu desenvolvemento. A formación ten que ver co servizo que se quere prestar e coa capacidade de traballar en equipo, de madurar persoalmente en contacto coas realidades de exclusión. A formación do voluntariado é un reto que garante a calidade da tarefa voluntaria, é a maneira na que o voluntario/a vai adquirindo cada vez máis forza social.

UN VOLUNTARIO/A FORMADO ABRE CAMIÑOS PARA NOVAS PARTICIPACIÓNS E PARA O PLANTEXAMENTO DE NOVOS E INELUDIBLES OBXECTIVOS DA ORGANIZACIÓN; É UN FACTOR DE CAMBIO E EVOLUCIÓN DA ORGANIZACIÓN.

O voluntariado en Cáritas é moi importante para acadar os obxectivos propostos pola entidade.

As persoas voluntarias experimentaron unha mellora na súa formación, á marxe da dimensión vivencial ou experiencial que lles achega a colaboración, ademais de adquirir unha sensibilidade social que antes non tiñan ou de ver reforzada a que xa posuían.








XI XORNADA
FORMACIÓN VOLUNTARIADO

Acompañamento en dereitos

**Vídeo
XI Xornada
de Formación
do Voluntariado**



A presenza do voluntariado permitiu estar en contacto coas realidades sociais. O voluntariado permitiu chegar e realizar multitude de accións en moitos lugares da nosa xeografía autonómica que doutro xeito non poderiamos levar a cabo. Garantiron a conexión co tecido social de cada unha das localidades nas que estivemos.

O VOLUNTARIADO XOGA UN PAPEL CRUCIAL NA SENSIBILIZACIÓN DA SOCIEDADE, ACTUANDO COMO UN MOTOR DE CAMBIO E UNHA PONTE ENTRE AS DIVERSAS REALIDADES SOCIAIS.

A participación activa do voluntariado na actividade diaria da entidade, nas formacións específicas e nas campañas que se realizan, permite que o voluntariado de Cáritas vexa reforzada a súa sensibilidade social e se converta en defensor da solidariedade e da xustiza social, inspirando a outras persoas a actuar e contribuír a un mundo máis xusto e fraterno.

Un dos eixos de Cáritas Diocesana de Lugo é mellorar a eficacia da comunicación, da sensibilización e da incidencia para transformar a sociedade. Somos conscientes dos grandes cambios que se están a producir no ámbito da comunicación e debemos esforzarnos por facer unha comunicación máis eficaz, acorde coa nosa identidade e coa nosa acción, para sensibilizar, concienciar e mobilizar a sociedade, xerando un compromiso activo.

A sensibilización da sociedade compétenos a todas as persoas: axentes, voluntariado, directivos, etc. Entre todas podemos crear unha rede capaz de chegar a calquera persoa en situación de risco ou vulnerabilidade social. Deste xeito, créase unha fronte común mediante campañas de sensibilización realizadas a través das entidades de acción voluntaria, logrando un voluntariado forte e comprometido cos problemas da sociedade.

“Son Bea e, desde hai uns meses, teño a oportunidade de ser voluntaria no programa de Acollida e Asistencia a persoas marxinadas e excluídas en Cáritas Parroquial de Antas de Ulla.

Aínda que por motivos familiares non dispoño de moito tempo, aceptei encantada poder achegar o meu gran de area, por pequeno que sexa.

Neste tempo que levo como voluntaria, coñecín historias duras de persoas inmigrantes que tiveron que deixar atrás o seu fogar e as súas familias na procura dun futuro mellor, de familias que se esforzan por sacar adiante os seus fillos e non chegan a fin de mes... teño que recoñecer que me impresiona a súa capacidade de resiliencia, así como a inocencia dos nenos e nenas, que a pesar de todo seguen con ese brillo na mirada chea de esperanza.

Ser voluntaria é, sen dúbida, unha experiencia que che cambia por dentro e che fai valorar o realmente importante.”



Beatriz, voluntaria na acollida de Cáritas Parroquial de Antas de Ulla.



Pregón da Caridade.


Cuestacións da Caridade.



Cuestacións da Caridade.


Cuestacións da Caridade.


Cuestacións da Caridade.


ACTIVIDADES

- Entrevistas informativas ao posible novo voluntariado.
- Atención permanente ás persoas voluntarias.
- Reunións cos diferentes equipos de traballo voluntario.
- Comunicación da actividade da entidade e campañas de sensibilización.
- Reunións da Rede Lucense de Voluntariado.
- Elaboración da memoria institucional.
- Xornada de Formación do Voluntariado.
- Elaboración e distribución de materiais de sensibilización.



382

Persoas voluntarias que se distribuíron entre as diferentes Cáritas Parroquiais e Interparroquiais, Programas e Campañas, en todo o territorio da comunidade autónoma galega.



Das persoas voluntarias son mulleres.













Cáritas Diocesana de

PREMIOS CARIDADE 2025

FONDO “SEMPRE XUNTOS”

A crise sanitaria provocada pola COVID-19, unida ao noso compromiso cristián coas persoas máis fráxiles e vulnerables, deu lugar na nosa Diocese á iniciativa “Sempre Xuntos”, cuxo obxectivo inicial foi axudar ás persoas enfermas que se atopaban máis soas e necesitadas nas nosas parroquias.

Na nova situación que estamos a vivir, as necesidades continuaron medrando como consecuencia da crise económica e social, afectando de maneira directa á vida cotiá de moitas persoas e familias. Por iso, considerouse oportuno responder á vontade inicial dos doantes ampliando os fins do Fondo “Sempre Xuntos” e converténdoo nun Fondo Diocesano estable, vinculado ás necesidades caritativas máis urxentes das nosas parroquias.



ACTIVIDADES

- Acollida e acompañamento.
- Análise de cada situación.
- Axudas destinadas a:
  - Servizo de Axuda a Domicilio.
  - Vivenda.
  - Débedas Adquiridas.
- Reunións da comisión.

> “Sabemos que, na nova situación na que nos atopamos, as necesidades están a medrar debido á crise económica e social na que estamos inmersos, afectando á vida cotiá de persoas e familias. Por iso, pareceunos coherente coa vontade inicial das persoas doantes ampliar agora os obxectivos aos que está destinado o Fondo “Sempre Xuntos”, converténdoo nun “fondo diocesano” máis permanente, vinculado ás necesidades caritativas máis urxentes das nosas parroquias.”
>
> Mons. Alfonso Carrasco Rouco, Bispo de Lugo



DÁMOSLLE UNHA SEGUNDA VIDA Á TÚA ROUPA

Cáritas Diocesana de Lugo

INS3RTEGA

RECICLAR REDUCIR REUTILIZAR

En Cáritas Diocesana de Lugo levamos máis de 50 anos traballando no ámbito da reutilización e reciclaxe de roupa usada a través dos servizos de roupeiros, dándolle unha segunda vida, contribuíndo co medio ambiente e sempre en beneficio das persoas en maior vulnerabilidade que recorren á nosa entidade como única forma de poder acceder a un vestiario en boas condicións.

Agora, ademais de seguir prestando servizo nos Roupeiros Diocesanos de Lugo, Monforte e Sarria, mediante a colaboración con Insertega, damos un paso máis para chegar a todos os puntos da nosa Diocese.

Naquelas localidades onde Cáritas Diocesana de Lugo non dispoña de servizo de roupeiro, Insertega instala colectores onde se poderá depositar a roupa usada para a súa posterior clasificación, reciclaxe e reutilización.

Trátase dun modelo de economía circular que busca sacar o máximo rendemento aos recursos materiais mediante a súa reutilización e aproveitamento para outros usos, chegando a unha taxa de recuperación do 90 % da roupa doada.

40
Concellos da Diocese de Lugo

88
Colectores na Diocese de Lugo

129.992
Kilos de roupa recollida

COMUNICACIÓN

Nun mundo cada vez máis saturado de información, visibilizar a acción solidaria vólvese fundamental. Para Cáritas Diocesana de Lugo, comunicar o seu labor non é só unha cuestión de dar a coñecer o que fai, senón de xerar conciencia, sensibilizar á sociedade e mobilizar vontades.

Cada día, Cáritas acompaña a persoas que viven en situación de vulnerabilidade, ofrecendo non só axuda material, senón tamén escoita, dignidade e esperanza. Comunicar estas historias —con respecto e humanidade— permite romper estigmas, mostrar realidades moitas veces invisibilizadas e evidenciar que detrás de cada número hai un rostro, unha vida e unha historia, co obxectivo de sensibilizar e transformar realidades inxustas.

En Cáritas Diocesana de Lugo, ao longo do ano 2025 participamos en diversas campañas sociais. Entre elas destacan a campaña do 25N Contra a Violencia de Xénero, a Xornada Mundial polo Traballo Decente, a campaña a favor das Persoas sen Fogar, visibilizando a súa situación, a celebración do Día Internacional do Voluntariado ou a campaña da Caridade, que reforza a nosa misión de construír unha comunidade máis xusta e fraterna.

Realizáronse dous proxectos audiovisuais que se presentaron aos Premios Mestre Mateo: o anuncio "Sen Fogar, pero con Soños" e o documental "A Casa, onde o Corazón Repousa".

Elaboramos os nosos propios materiais de difusión para apoiar as nosas campañas. Ademais, mantemos unha presenza activa nas redes sociais para informar e sensibilizar á sociedade.

18.443
Visitas á nosa páxina web
www.caritaslugo.es

15.174
Alcance en Facebook

11.100
Alcance en Instagram

FINANCIACIÓN E TRANSPARENCIA

Cáritas Diocesana de Lugo ten como guía os valores de austeridade e transparencia na súa xestión, fortalecendo así a relación de confianza de tantas persoas e entidades no noso traballo.


Grazas ao financiamento público e privado, investimos 2.776.698,85 € nos diferentes programas que funcionan ao longo da diocese. Estas cifras amosan o compromiso da comunidade cristiá e da sociedade coas persoas en situación de exclusión.

FONDOS PÚBLICOS		
Administracións Locais	30.500 €	1%
Administración Autonómica	1.343.625,60 €	48%
Administración Estatal	67.099 €	2%
Unión Europea	43.065,97€	2%
TOTAL	1.484.290,57 €	53%

FONDOS PRIVADOS		
Socios	55.857,50 €	2%
Doantes	303.241,09 €	11%
Institucións	328.394,16 €	12%
Doazóns en Especie	8.623,60 €	0%
Legados	343.974,45 €	12%
Ingresos por Dividendos	1.534,63 €	0%
Ingresos por Venta de Inmoble	43.000 €	2%
Fondos Propios da Entidade	207.782,85 €	7%
TOTAL	1.292.408,28 €	47%

RECURSOS INVESTIDOS NOS PROGRAMAS

Total de recursos investidos nos programas: 2.405.210,76 €



OUTROS GASTOS



COMUNICACIÓN

7.366,49 €



XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN

364.121,60 €

INSTITUCIÓNS COLABORADORAS









































Cáritas Diocesana de Lugo dispón dun sistema de xestión da calidade certificado de acordo coa norma ISO 9001 de Applus+.

Cáritas Diocesana de Lugo dispón dun Plan de Igualdade de Oportunidades a través do cal se rexe no seu obxectivo de reducir as fendas de xénero e avanzar na consecución da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

En Cáritas Diocesana de Lugo confiamos na tecnoloxía de encuestafacil.com para recompilar e procesar os datos dos nosos estudos de maneira eficiente e precisa.

Cáritas
Diocesana de Lugo

facebook.com/caritas.lugo

caritas_lugo

@CaritasLugo

Cáritas Diocesana de Lugo

youtube.com/@caritas_lugo

www.caritaslugo.es

Bizum: 38079

Servizos Xerais
Cáritas Diocesana de Lugo

Rúa Luis Peña Novo, 6, 27001, Lugo

982 24 20 09